

PROGRAMA DE ACOLLIDA

I.ES. JULIO PRIETO NESPEREIRA



CURSO 2020-2021

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación polo Consello Escolar: 21 de setembro de 2020
--

Índice

- a) **Novas normas de organización e funcionamento**
- b) **Actuacións de prevención, hixiene e protección**
- c) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial**
- d) **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.....**

A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do Instituto.

O USO DE MASCARILLA É OBRIGATORIO DENTRO DO RECINTO EDUCATIVO EN TODO MOMENTO.

FAMILIAS

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no cadro de abaixo que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

COMUNICACIÓN

A **páxina web do centro** <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesprietonespereira/> será un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaíamos incluíndo nela.

Ademais, recibirán avisos importantes e comunicacións a través de **ABALAR**, polo que é necesario que o teñan instalado TODAS AS FAMILIAS cando comece o curso. Existen videos titoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/publicados-nuevos-videotitoriais-para-docentes-y-familias-uso-de-agueiro-comunidades>

A Dirección e o persoal do centro estará á súa disposición, durante todo o curso escolar en horario lectivo, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.

TELÉFONO DO CENTRO: 988218570

CORREO ELECTRÓNICO: ies.prieto.nespereira@edu.xunta.es

Extraordinariamente, a presenza no centro, cando así se requira, farase cumprindo a norma sinalizada fora na entrada de que esperen a que os conserxes lle indiquen as instrucións e momento precisos para acceder ao centro.

TITORÍAS

Preferentemente TELEFÓNICAS, aínda que, extraordinariamente, se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación e con cita previa.

REUNIÓNS

As reunións presenciais coas , de ser o caso, de principio de curso en 1º ESO para explicar este programa, e a aclaración de dúbidas terán lugar no SALÓN DE ACTOS baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un representante por alumno
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá entre 30'- 45' de separación, tempo no que se ventilará o SALÓN DE ACTOS e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19

Unha vez elaborado, estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro

PLAN DE CONTINXENCIA

Unha vez elaborado, estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro

ALUMNADO

ENTRADA E SAÍDAS

O centro estará aberto ás **8:20**. O alumnado poderá acceder a medida que chegue, gardando a distancia de seguridade, evitando sempre as aglomeracións e sempre con máscara.

Unha vez dentro, o alumnado acudirá á súa aula e ocupará a seu sitio. Non poderán quedar nunca no corredor nin de pé na clase.

Ás **8:25** soará un primeiro timbre. O profesorado de primeira hora da mañá adiantarase 10 minutos para estar ás oito e vinte na clase agardando polos alumnos, que poderán ir hixienizando as mans e preparándose para comenzar as clases ás **8:30**, cando soará o definitivo timbre.

Estes horarios poderán verse modificados se non se comproba a súa eficacia.

RECREOS

Sair gardando as distancias seguindo as indicacións do profesorado. Para reincorporarse ás aulas dende os patios exteriores, o alumnado de 1º e 2º da ESO usará a porta de acceso traseira e o alumnado de 3º e 4º da ESO a porta principal.

Estas normas poderán verse modificadas se non se comproba a súa eficacia.

ESPAZOS

AULAS

Pupitres a distancia de seguridade reglamentaria en todas as direccións. Alumnos sentados e con mascarilla en todo momento. Non se pode compartir material. Desinfección de pupitre, cadeiras etc, cando o profesorado así o indique.

BAÑOS

Restrínxese o aforo a **2 persoas**, para o que se empregarán sinais visuais.

CAFETERÍA

Gardar as distancias e o orden da cola para mercar. Soamente se pode consumir sentado nos sitios fixados para tal fin. O aforo é limitado e o profesorado de garda asegurase de que todas as normas se cumpren.

As mesas e cadeiras da cafetería non deben moverse. Despois de mercar, o alumnado pode permanecer na cafetería sempre que esté sentado ou saír usando a porta da cafetería que conduce ao patio seguindo a sinalización. De permanecer na cafetería, sentado, o/a alumno/a procederá á desinfección da mesa e cadeira antes de abandonar o local.

COMEDOR

O alumnado de comedor terá un sitio fixo asignado para todos os luns. Seguirá as indicacións do profesor responsable e do persoal axudante en todo momento.

BIBLIOTECA

Aberta nos recreos con aforo limitado. Seguiranse as normas sinaladas na entrada e as indicacións do profesorado de garda.

B) ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Prevención:

O centro educativo ten establecido unhas normas específicas de prevención de acordo coas dictaminadas no *Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o Curso 2020-2021*, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Ordenar, orientar e asesorar as entradas e saídas do alumnado.
- Seguir as instrucións da cartelería e sinalética do centro.
- Regular o acceso aos aseos
- Regular o acceso á Cafetería.

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas cumprindo as distancias mínimas de seguridade e de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O persoal do centro debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- **As familias deben adquirir por escrito** o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao instituto se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzarase o servizo de limpeza distribuindo o persoal mañás e tardes.
- Realizarase desinfeccións dos aseos tres veces ao día.
- Farase limpeza de aulas de desdobre cando sexan usadas por diferentes grupos.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado, cando o profesor/a así llo indique

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.

- Limpeza de espazos de traballo: O alumnado debe ter o seu espazo de traballo ordenado en todo momento, non deixar cousas polo chan e deixar as cadeiras levantadas ao final da xornada para facilitar o labor do persoal de limpeza.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

O USO DE MASCARILLA É OBRIGATORIO DENTRO DO RECINTO EDUCATIVO EN TODO MOMENTO)

B) A Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un modelo de ensino mixto. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais. Darase información básica para o uso por parte do alumnado da **AULA VIRTUAL** do centro:

- Acceso á aula virtual
- Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado
- Envío de tarefas a través da aula virtual
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual

D) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.
- A través do Departamento de Orientación as titorías traballarán en distintos temas transversais e inxerencias que afecten ao alumnado na realidade que están afrontando.

